



DATOS IDENTIFICATIVOS

Guión, produción e realización para televisión

Materia	Guión, produción e realización para televisión			
Código	P04G070V01502			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	12	OB	3	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Pérez Feijoo, Paulino Emilio			
Profesorado	Formoso Vázquez, David Elisardo Pérez Feijoo, Paulino Emilio Soutelo Soliño, Carlos Manuel			
Correo-e	paulipe@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Técnicas e procesos de elaboración dun guión para formatos informativos de tv. Técnicas, expresión e linguaxe audiovisual aplicado a produción e realización de informativos en tv. Técnica e deseño da iluminación e produción sonora para informativos en tv.			

Competencias

Código	
C2	Coñecemento da relación existente entre a evolución tecnolóxica e industrial e a linguaxe audiovisual, tendo en conta os conceptos teórico prácticos das representacións visuais e auditivas, os sistemas de comunicación e transmisión de conceptos e as súas realidades, así como os valores simbólicos e culturais básicos que favorezan unha correcta interpretación e análise dos signos ou códigos da imaxe en toda a súa extensión.
C4	Coñecemento teórico-práctico das estruturas organizativas no campo da comunicación visual e sonora, así como a súa evolución e xestión no tempo, incluíndo a tributación audiovisual. Tamén comprende o coñecemento e a investigación da natureza e interrelacións entre os suxeitos da comunicación audiovisual: autores, institucións, empresas, medios, soportes e receptores
C6	Coñecemento do uso correcto oral e escrito das linguas oficiais aplicadas á comunicación audiovisual
C7	Coñecemento e aplicación dos diferentes mecanismos e elementos da construción do guión atendendo a diferentes formatos, tecnoloxías e soportes de produción.
C11	Coñecemento da imaxe espacial e das representacións icónicas no espazo, tanto na imaxe fixa como audiovisual, así como os elementos constitutivos da dirección artística. Estes coñecementos tamén envolver as relacións entre imaxes e sons desde o punto de vista estético e narrativo nos diferentes soportes e tecnoloxías audiovisuais.
C14	Capacidade para crear e dirixir a posta en escena integral de producións audiovisuais cinematográficas e videográficas, responsabilizándose da posprodución, dirección de actores e axustándose ao guión, plan de traballo e orzamento previo.
C20	Capacidade para desenvolver medicións vinculadas coas cantidades e calidades do son durante o proceso de construción do audio, a partir do coñecemento teórico e práctico dos fundamentos científicos da acústica.
C22	Capacidade para analizar relatos audiovisuais, atendendo aos parámetros básicos da análise de obras audiovisuais, considerando as mensaxes icónicas como textos e produtos das condicións sociopolíticas e culturais dunha época histórica determinada.
C25	Capacidade para aplicar técnicas e procesos de creación e xestión dos recursos técnicos ou humanos necesarios para o deseño de produción integral dun traballo audiovisual desde os elementos escenográficos e a imaxe de marca ata o seu proxecto gráfico de comercialización.
C26	Capacidade para buscar, seleccionar e sistematizar calquera tipo de documento audiovisual nunha base de datos, así como a súa utilización en diferentes soportes audiovisuais utilizando métodos dixitais.
C28	Capacidade para realizar a ordenación técnica dos materiais sonoros e visuais conforme a unha idea utilizando as técnicas narrativas e tecnolóxicas necesarias para a elaboración, composición, acabado e masterización de diferentes produtos audiovisuais e interactivos.

C31	Capacidade para incorporarse e adaptarse a un equipo audiovisual profesional, facendo compatibles e mesmo sinérxicos os seus propios intereses particulares e os do proxecto colectivo no que se incorporou.
C33	Capacidade para asumir o liderado en proxectos que requiran recursos humanos e de calquera outra natureza, xeríndoos eficientemente, asumindo os principios da responsabilidade social.
D2	Capacidade de traballo en equipo e de comunicación das propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio, así como capacidade para integrarse nun proxecto común encamiñado á obtención de resultados
D3	Capacidade para asumir riscos expresivos e temáticos, aplicando solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos.
D4	Capacidade para tomar decisións fundamentadas en situacións de incerteza, asumindo de forma constructiva as consecuencias e resultados obtidos.
D5	Práctica sistemática de autoavaliación crítica de resultados: valoración da importancia de corrixir e axustar constantemente os erros cometidos nos procesos creativos ou organizativos
D6	Orde e método: habilidade para a organización e temporalización das tarefas, realizándoas de xeito ordenado adoptando con lóxica as decisións prioritarias nos diferentes procesos de produción audiovisual
D7	Conciencia solidaria: respecto solidario polas diferentes persoas e pobos do planeta, polos valores universais de educación, cultura, paz e xustiza, e polos dereitos humanos, a igualdade de oportunidades e a non discriminación de mulleres e persoas con discapacidade
D8	Sensibilidade, respecto e necesidade de conservación do patrimonio cultural e audiovisual de Galicia e do mundo

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Recordar e aplicar as técnicas e procesos de produción e difusión audiovisuais nas súas diversas fases, dende o punto de vista da organización e xestión dos recursos técnicos, humanos e presupuestarios en soporte de vídeo e TV	C2
Empregar as técnicas e as tecnoloxías audiovisuais en función das súas capacidades expresivas	C4
Describir e aplicar os diferentes mecanismos e elementos da construción do guión atendendo a diferentes formatos, tecnoloxías e soportes de produción	C6
Desenvolver a interrelación imaxen/son dende o punto de vista estético e narrativo aplicado a realización de vídeo e TV	C11
Planificar e xestionar os recursos humanos, presupuestarios e medios técnicos, nas diversas fases da produción dun programa para TV	C14
Crear e dirixir a posta en escea integral de producións para TV, responsabilizándose da posproducción, dirección de actores e axustándose o guión, plan de traballo e presupuesto previo	C14
Planificar e xestionar os recursos técnicos e humanos nas producións mono-cámara e multi-cámara para TV, así como as técnicas e procesos de creación e realización nas distintas fases da produción televisiva	C28
Aplicar técnicas e procedimentos da composición da imaxen na realización dun programa de TV, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxen	C22
Escribir con fluidez, textos, escaletas ou guions para programas informativos	C7
Aplicar procesos e técnicas implicadas na organización e xestión de recursos técnicos televisivos e videográficos	C31
Aplicar técnicas e procesos de creación e recursos técnicos ou humanos necesarios para o deseño da produción integral dun traballo audiovisual para TV	C25
Deseñar e concebir a presentación estética e técnica da posta en escea a través das fontes lumínicas e acústicas naturais ou artificiais, atendendo as características creativas e expresivas que propon o director dun proxecto audiovisual para vídeo o TV	C20
Interpretar e construír o ambiente sonoro dunha produción audiovisual para vídeo ou TV, atendendo a intención do texto e da narración mediante a utilización da banda sonora, efectos sonoros e soundtrack	C28
Empregar adecuadamente ferramentas tecnolóxicas, especialmente informáticas, nas diferentes fases do proceso de realización audiovisual para que os alumnos se expresen a través de imaxes ca calidade técnica imprescindible	C26 C28
Definir proxectos personales de creación innovadora que poidan contribuír o coñecemento e desenvolvemento das linguaxes audiovisuais e a súa interpretación	D3
Operar e organizar un equipo audiovisual profesional, facendo compatibles e incluso sinérxicos os intereses particulares e os do proxecto colectivo	D2
Asumir o liderado en proxectos que requiran recursos humanos e de calquera outra natureza, xestionándo-os eficientemente, asumindo os principios da responsabilidade social	C33
Interpretar os cambios empresariais, mostrar capacidade de traballar en equipo, asumir riscos e tomar decisións de autocrítica e conciencia solidaria	D2 D3 D4 D5 D6 D7

Contidos

Tema**BLOQUE 1: O GUIÓN NOS INFORMATIVOS**

1.- As noticias e a televisión. A estrutura dunha televisión. Os informativos na grella da televisión. A estrutura dun equipo de informativos: redacción, realización e produción.

2.- A noticia. Concepto, obxectividade, veracidade e verdade. Características da linguaxe audiovisual. Xéneros (tipos) nun telediario. Formatos de noticias. Retos do informador audiovisual. Os enfoques.

3.-Formatos de informativos: Flash. Avance. Boletín. Telediario. Especiais informativos. Os informativos temáticos.

4.-A escaleta. Rutinas de traballo: axenda, reunións previas á escaleta. Reunión da escaleta. Escaleta: valor, estrutura e datos esenciais. Criterios de noticiabilidade. Criterios de ordenación de noticias na escaleta.

5.- A xestión da noticia. As fontes. Documentación, valoración e comprobación. Traballo de campo-recollida de información. Xestións de produción e realización. Xestión de imaxes: rodaxe, arquivo, grafismo e compra.

6.- A elaboración da noticia. Características da redacción da noticia televisiva. Imaxe, texto e son. A dramaturxia audiovisual. Estrutura da noticia: entradiña, texto e insertos ou ☐ totais ☐. Montaxe-emisión-tempo.

7.- Cualidades do informador audiovisual. A locución. A presentación. A aparencia. Linguaxe corporal, medio e contexto.

8.-Información en vivo: Documentación e planificación. A información en directo. Stand Up e funcións. O espazo. A presenza do informador. Criterios de directo. A reportaxe en directo. A retransmisións.

9.- Xéneros informativos dialogados: A entrevista como xénero. O debate. A tertulia.

10.- Xéneros informativos relatados. A crónica. A reportaxe noticiosa. O docu- show- Docu-Reality. A gran reportaxe ou ☐ documentaxe ☐.

11.- TV e novos medios: a televisión por internet. A Tv por móbil e dispositivos persoais (A información na e-televisión).

BLOQUE 2: A ILUMINACIÓN NOS INFORMATIVOS

1.- Conceptos e Técnicas de Iluminación.

2.- Calidade e tipos de luces. Temperatura de cor.

3.- Esquemas básicos de iluminación. Triángulo básico.

4.- A iluminación en plató. Informativos. Entrevistas. Debates.

5.- Iluminación para ENG. Gravación con luz de exteriores. Gravación de noite. Gravación con luz interior.

BLOQUE 3: O SON EN INFORMATIVOS

1.- Conceptos básicos. Características do sinal sonoro. Son dixital, son analóxico: frecuencia de mostreo e profundidade de palabra. Medidores dixitais do sinal e medidores analóxicos. Cables e conectores. Sinais balanceadas e non balanceadas Concepto de fase eléctrica.

2.- Equipamento para a produción sonora.

Micrófonos: características, micrófonos de plató; micrófonos de toma en localización. Accesorios. Toma de son en localización: micrófonos para unha persoa e para varias persoas. Toma de son en eventos públicos. Distribuidores de audio. Mesas de son: características, ecualización, compresión, niveis de sinal. Concepto de N-1. Mesas analóxicas e dixitais. Líneas de comunicación: híbridos telefónicos, líneas RDSI y ADSL. O dúplex e a tradución simultánea.

3.- A montaxe sonora. Presets de audio dunha estación de montaxe. Pistas internacionais e de locución na montaxe dunha noticia. A banda internacional nunha noticia e nunha reportaxe.

4.- Indicadores sonoros. A sintonía. Ráfagas e separadores. O emprego da música en programas informativos.

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN E REALIZACIÓN DE INFORMATIVOS

1.- A produción: conceptos xerais. Modalidades de produción. O produtor: funcións e capacidades. O equipo de produción: compoñentes e funcións. Organización da produción.

2.- A realización: Conceptos xerais. Modalidades de la Realización. O director □ realizador. Funcións e capacidades. O equipo de realización, compoñentes e funcións. Planificación da realización.

3.- Equipos técnicos e humanos. O estudio de televisión: distribución física. A sala de control: imaxe, son e iluminación. A entrada de sinais, o almacenamiento e a recuperación. Funciones básicas de la mesa de realización. Equipo técnico, personal de informativos y personal de produción. Áreas de apoio no estudio: decoración, maquillaxe e vestuario.

4.- Modalidades de realización. Producción-transmisión. Soporte de produción. Lugar de gravación. Naturaleza da imaxe. Tipos de produción. Estilos de produción. Elaboración de escaletas. Planificación e organización do traballo: da localización á emisión. Realización en estudio: particularidades, funcións do realizador, equipo de realización e outros equipos técnicos; tecnoloxía e métodos operativos específicos. Realización en exteriores: peculiaridades da grabación e transmisión, equipos humanos e equipamento técnico específico, tipos de realización en exteriores: ENG, PEL e unidades móbiles.

5. Técnicas de realización e produción monocámara. A cámara de vídeo. Compoñentes e controis. Soportes. Técnicas operativas. Realización e produción de noticias. Realización e produción de reportaxes.

6.- Técnicas de realización e produción multicámara. A organización e planificación da produción. Rutinas e órdenes de traballo. Estudios de produción. O plató e o control de realización. A entrada de sinais, o almacenamiento e a recuperación. Funcións básicas da mesa de realización. Salas técnicas e auxiliares. Grabación, edición, posproducción e grafismo.

7.- Realización de programas informativos. Informativos diarios (telediarios). Preparación e planificación, escaletas e minutados. Rutinas de traballo e xestión operativa. Realización de reportaxes e programas informativos non diarios. Realización de entrevistas e debates: posta en escea, planificación, colocación de cámaras e estratexias de realización.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	60	60
Prácticas de laboratorio	60	0	60
Presentacións/exposicións	30	0	30
Proxectos	0	90	90
Sesión maxistral	30	0	30

Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	0	15	15
Probas de resposta curta	0	15	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	O alumno de maneira individual e en equipo desenvolverá os guións, a planificación e a produción necesaria para a realización do seu informativo.
Prácticas de laboratorio	O alumno desenvolverá en equipos de traballo todo o material necesario para a elaboración dun informativo: noticias, colas, reportaxes, entrevistas...
Presentacións/exposicións	Os alumnos exporán na aula os traballos realizados para a elaboración do informativo: noticias, reportaxes... que serán corregidos atendendo a cada un dos bloques que compoñen a materia.
Proxectos	O alumno en equipos de traballo e de maneira individual planificará e porá en funcionamento o seu propio informativo atendendo a súa escaleta.
Sesión maxistral	Clases de teoría sobre os coñecementos básicos que debe adquirir o alumno para o desenvolvemento de guións e a realización e produción audiovisual de informativos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Nas prácticas, polo axeitado número de alumnos en cada grupo, poderase efectuar unha atención persoal ao alumno. A atención levarase a cabo durante as prácticas de laboratorio, a elaboración de proxectos e a presentación de traballos.
Prácticas de laboratorio	Nas prácticas, polo axeitado número de alumnos en cada grupo, poderase efectuar unha atención persoal ao alumno. A atención levarase a cabo durante as prácticas de laboratorio, a elaboración de proxectos e a presentación de traballos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliación continua individual do alumno no desenvolvemento dos traballos individuais e en equipo.	15	
Prácticas de laboratorio	Avaliación dos traballos prácticos e proxectos que vai resolvendo o alumno durante o curso	35	
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Proba práctica final a realizar no mes de xaneiro na que os alumnos en equipos de dous compoñentes deberán guionizar, producir, realizar e montar de maneira correcta unha peza informativa.	25	
Probas de resposta curta	Examen final dos contidos teóricos incluídos no programa da materia	25	

Outros comentarios sobre a Avaliación

A asistencia as clases prácticas é totalmente obrigatoria. Para obter o aprobado é necesario superar a metade da porcentaxe do exame teórico, do exame práctico e das prácticas obrigatorias. Será motivo de avaliación negativa a copia, o plaxio e a reprodución de obras creativas de outros autores.

Bibliografía. Fontes de información

CASTILLO, J.M., **Televisión y lenguaje audiovisual**,
 BARROSO, Jaime., **Realización de los géneros televisivos**,
 MILLERSON, Gerald, Realización y Producción en Televisión,, **Realización y Producción en Televisión**,
 SAINZ, Miguel, Manual Básico de Producción en Televisión,, **Manual Básico de Producción en Televisión**,
 SIMPSON, Robert S., **Control de la iluminación: tecnología y aplicaciones**,
 ZABALETA URKIOLA, Iñaki,, **Tecnología de la información audiovisual: sistemas y servicios de la radio y televisión digital y analógica por cable, satélite y terrestre**,
 Javier Mayoral e outros, **Redacción periodística en televisión**,
 BROWN, B., **Iluminación en cine y televisión**,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Guión, produción e realización de programas de ficción/P04G070V01602

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Comunicación: Tecnoloxía dos medios audiovisuais/P04G070V01203

Expresión sonora e estilos musicais/P04G070V01404

Técnicas de edición dixital/P04G070V01304
